



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

ACORDO do 31 de outubro de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello do Saviñao. (Expediente 2022/24-ATE)

Con data 27 de xuño do 2023 a xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Regulamentación da LAMT 20kv CHA811 Saviñao 11 AP D110-27*.

Esta declaración de utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello do Saviñao, deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 21 de marzo de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 31 de marzo de 2023, para que comparezan o día **14 de DECEMBRO de 2023 no concello do Saviñao** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello do Saviñao estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 31 de outubro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO

Regulamentación da LAMT 20kv CHA811 Saviñao 11 AP D110-27

Propietario		Datos Catastrais		Afección					
Nº Predio	Nome e Apelidos	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Apoio	m2	M1 aéreos	M2 aéreos
1	M ^a Carmen Rodríguez López	92	223	Lama Santa	Labradío	D110-27	2.0		

R. 3451

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO**

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN NAS CIDADES GALEGAS, AVENIDA DE BREOGÁN (LUGO)

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/22/217.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 13 de decembro de 2023

Lugo, 3 de novembro de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 3452

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA NAS RUTAS DE ACCESO POLO NORTE Á CIDADE DE LUGO

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/22/055.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 13 de decembro de 2023

Lugo, 3 de novembro de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 3453

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2023, acordou a aprobación provisional da modificación do **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA** do Concello de Bóveda (Lugo).

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

Bóveda, 24 de abril de 2023.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3454

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DA TAXA POLO MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DO ANO 2023

De conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, aprobouse mediante Resolución de Alcaldía, núm.: 2023-0573, de data 30 de outubro de 2023, o Padrón Fiscal correspondente á Taxa polo mantemento e conservación do Cemiterio Municipal, correspondente ao ano 2023, que queda exposto na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, sito na Avda. Alfonso XIII nº.: 85 de Bóveda, durante o prazo de quince días, conforme ao artigo 82.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o seguinte á publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o citado período de exposición pública, as persoas lexitimadas poderán examinar o expediente e presentar alegacións ao padrón mencionado.

a) Prazos de ingreso:

O prazo de ingreso do padrón debe realizarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do Edicto de exposición pública e notificación colectiva no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

b) Modalidade de cobro:

O pagamento poderá realizarse a través das seguintes modalidades:

- Ingresando na Conta de A BANCA, nº ES78-2080-0159-8631-1000-0018, da que é titular este Concello, na forma e prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria (BOE 18 decembro 2003, núm. 302, [páx. 44987]), facendo constar o número: **684/2023** e o concepto **CEMITERIO 2023**.

- Domiciliación bancaria efectuada ao efecto.

c) Período executivo:

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario sen que se efectúe o pago, as débedas esixiranse polo procedemento de prema prevista nos artigos 163 e ss da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 70 e ss do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación -RGR-, devengándose as recargas correspondentes así como os intereses de demora.

d) Recursos:

Contra o acto de aprobación do padrón, os interesados só poderá interpor o recurso de reposición a que se refire o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación da presente resolución. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que por quenda de repartición lle corresponda, no prazo de dous meses contados a partir da notificación. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que recaese resolución expresa do mesmo, entenderase desestimado e poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso ou acción que estime convinte ao seu dereito.

Bóveda, 6 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3455

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRÓS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO BIMESTRE DO 2023

Aprobado por Acordo do Xunta de Goberno Local de data de data 24-10-2023, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 3º bimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 25-10-2023 ao 25-12-2023. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 6 de novembro de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 3456

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número 8880/2023 do 9 de outubro de 2023, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondente ao **terceiro trimestre de 2023**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizaraos por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día **16 de outubro ao 16 de novembro de 2023** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 10 de outubro de 2023.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 3457

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número 8835/2023 de 6 de outubro de 2023, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **SETEMBRO de 2023**, que se expoñen ao

público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 13 de outubro ata o 13 de novembro de 2023** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 6 de outubro de 2023.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 3458

Anuncio

Exposición ao público

Por Decreto número 9193/2023, de data dezanove de outubro de 2023, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao terceiro trimestre de 2023, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 24 de outubro de 2023.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL, Miguel Fernández Méndez.

R. 3459

PALAS DE REI

Anuncio

Expediente nº 863/2023

Elección de Xuíz-a de Paz Substituto-a

Por vencemento do período do nomeamento e recibida comunicación da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, anúnciase a vacante do cargo de Xuíz/a de Paz Substituto/a deste municipio.

De conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, corresponde ao Pleno do Concello realizar esta elección.

ANUNCIO

Praza de presentación de solicitudes:

Durante 10 días, a **partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.**

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello a través da sede electrónica, de modo presencial no Rexistro do Concello de Palas de Rei (de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00) ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O modelo de instancia atópase a disposición dos interesados nas dependencias municipais da Corporación e na sede electrónica (<https://palasderei.sedelectronica.es>).

Os Xuíces de Paz e os seus substitutos serán nomeados para un período de catro anos pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondente.

Poderán ser nomeados Xuíces de Paz, tanto titulares como substitutos, os que reúnan os requisitos establecidos na Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial, para o ingreso na carreira xudicial, excepto impedimento físico ou psíquico para o cargo, e non estean incurso en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade previstas para o desempeño das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (artigo 102 da Lei Orgánica 6/1985 e artigo 13 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

Durante o mandato, os Xuíces de Paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, no que lles sexa aplicable. Terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

- A dedicación á docencia ou á investigación xurídica.
- O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais.

Non poderán os Xuíces de Paz pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter emprego ao servizo dos mesmos e estaranlles prohibidas as actividades comprendidas no artigo 395 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

A autorización, recoñecemento ou denegación de compatibilidade dos Xuíces de Paz corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial previo informe do Presidente do Tribunal Superior de Xustiza competente (artigo 16 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

En caso de non presentarse solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do partido.

O que se publica para xeral coñecemento.

Palas de Rei, 6 de novembro de 2023.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3461